

A FOLGA

S. M. Eisenstein, 1925

1792

ESTREA EN NUMAX: 07.07.2026 | V.O.S.E. | 94 min

Rusia zarista. Os obreiros dunha importante empresa están descontentos e, despois dunha reunión, deciden ir á folga. O director da empresa informa da situación aos responsables políticos e estes envían á policía para abortar a folga. A tensión dispárase cando un obreiro suicídase ao ser acusado inxustamente dun roubo.

«Levamos colectividades e masa en acción á pantalla, en contraste co individualismo e o triángulo dramático do cinema burgués»

S.M. Eisenstein



O artista en folga permanente

Por Abdennur Prado

A *folga* é cine en estado puro, unha obra na cal a dimensión estética é tan fundamental como evidente. En primeiro lugar, pola liberdade e a determinación coa que o seu creador despreza os seus criterios. En segundo lugar, porque estes criterios son estritamente cinematográficos, o cal quere dicir que se trata de algo novo na historia da arte. A vontade de forma déixase notar en cada plano, pois esta é verdadeiramente a causa que defende: o combate por liberarse de todas as restricións que nos son impostas co fin de dominarnos. É faíno asumindo todos os riscos inherentes a esa decisión, igual que os obreiros da fábrica que pretenden subverter a situación en que se atopan, mediante a desobediencia.

O verdadeiro artista está en folga permanente. A súa vida é un acto de protesta e a súa obra un acto subversivo. Cando o espírito se axita, os resultados son vertixinosos. Así se desenvolve a folga, como resultado tanto dunha necesidade como dun imperativo ético. Que é unha folga? Unha arma dos traballadores en contra da explotación por parte do Capital e do Estado. Unha folga é acción, pero tamén é unha interrupción. O sistema funciona de modo maquinal, devorándoo todo. As grandes cidades, a burocracia, os horarios compartimentando o tempo, as fábricas que traballan día e noite, os grandes plans de desenvolvemento que deciden a vida das xentes, que ven sempre aprazado o cumprimento do seu destino e as súas vidas supeditadas a unha estrutura de poder rexida por reloxos. De súpeto todo para.

Trátase pois de tempo. O traballo está rexido por reloxos, que fragmentan a vida en segundos, minutos, horas, xornadas laborais e festivos. A montaxe responde a esta concepción do tempo. Pero este é precisamente o tempo que debe subverter. O tempo do traballo implosiona e esnaquízase nos fragmentos que contén a película, moitos deles inútiles para os propósitos narrativos, pero significativos en termos dunha experiencia de liberación. Por iso esta non é unha película de propaganda senón un xesto de subversión do xa sabido, unha novidade radical que está ao lado da experimentación e da estética.

O tempo da folga é festivo. É a miúdo caótico, pero sempre vigoroso. Introdúcenos no frenesí da acción revolucionaria. Ten algo de imprevisible, case diría dionisiaco. É unha bebedeira de imaxes que agroman de forma intempestiva, sen dar posibilidade á serenidade ou á contemplación. Estas quedan excluídas en favor da vertixe da acción. Pero neste tempo frenético saben moverse tamén as forzas reaccionarias. A el acoden os marxinalizados sen conciencia de clase, para sementar o caos que xustifique a intervención das forzas da orde. A resposta do Estado, como brazo executor do Capital, é a violencia. Isto era previsible. E con toda a violencia desencadeada serve para poñer en claro a situación política real, máis aló dos discursos. Finalmente o frenesí conduce á matanza, que adquire a forza dun martirio. E este chama á resurrección.

Trátase entón dunha película épica, cuxo protagonista non é un personaxe, senón o proletariado. O seu tema non é un drama que vivan certos individuos, senón un acontecemento colectivo. A épica remítenos ao pobo e á historia, da man das grandes xestas colectivas que actúan como un mito fundacional: por iso o rótulo final apela á memoria. Non esquecer aos esquecidos.